

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A IMPARTIÇÃO DUN OBRADOIRO DE TEATRO E PARA A ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DUN PROXECTO PARA A AULA DE TEATRO DA UDC NO CURSO 2026/2027

A Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte (VDCD) da Universidade da Coruña (UDC), de acordo coas súas funcións de promoción da cultura, convoca en réxime de concorrencia competitiva axudas destinadas a impulsar o teatro entre a comunidade universitaria no curso académico 2026/2027.

1. Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas a persoas xurídicas que levarán a cabo unha dobre tarefa para a Área de Cultura da UDC no curso 2026/2027:

- Deseño e impartición dun obradoiro de teatro.
- Creación, impartición e dirección dun proxecto teatral para a Aula de Teatro da UDC.

2. Requisitos das entidades aspirantes

Poderán participar na presente convocatoria as persoas xurídicas que acrediten solvencia profesional e técnica para o obxecto indicado no apartado anterior, que non teñan coa UDC unha relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable e que garantan coñecementos, experiencia e formación docente en impartir, dirixir e organizar proxectos para unha aula de teatro ou similares, ademais de que cumpran os requisitos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Funcións

As funcións da entidade seleccionada serán as seguintes:

1. Impartir un obradoiro de teatro dirixido á comunidade universitaria e, en xeral, a calquera persoa interesada en ampliar os seus coñecementos e actualizar ou adquirir habilidades novas. O obradoiro desenvolverase a xeito evolutivo nos dous cuatrimestres, segundo se indica no anexo I.
2. Impartir, organizar e dirixir un proxecto teatral formado por persoas da comunidade universitaria e externas, logo da correspondente audición por parte da persoa directora, e coas que se constituirá a Aula de Teatro (anexo II).
3. Representar publicamente o proxecto da Aula de Teatro ao longo do curso 2026-2027, en coordinación coa Área de Cultura da VDCD.
4. Participar e coordinarse con outras aulas de teatro en festivais como o FITEUC (Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña) ou os que se consideren previo consenso coa Área de Cultura da VDCD.

4. Importe da convocatoria e financiamento

- A contía da axuda contempla a impartición de 30 h de docencia do obradoiro en cada cuatrimestre (a un importe de 50 € a hora) e un máximo de 45 horas anuais en concepto de ensaios da Aula de Teatro, (a un importe de 60 € a hora). Nestes prezos están incluídos os impostos pertinentes.

- No caso de que a persoa directora acompañe o grupo da Aula de Teatro a unha actuación durante o curso académico, a UDC pagará uns honorarios dun máximo de 200 € por saída, impostos incluídos. Nestes honorarios estarán incluídos todos os gastos da persoa directora, incluídos os de manutención e desprazamentos. A saída deberá ser previamente autorizada pola Área de Cultura, segundo a súa dispoñibilidade orzamentaria. A convocatoria terá en conta unha previsión inicial de 600 € para os gastos das posibles saídas (impostos incluídos), importe que podería ser aumentado posteriormente en caso necesario.

- Esta convocatoria finánciase con cargo á partida orzamentaria 1706241057 321A 22609 por un importe inicial de 6 300 €, dos que 2 580 € imputaranse ao exercicio 2026. Os 3 720 € restantes imputaranse ao exercicio de 2027 sempre e cando exista crédito axeitado e suficiente. O cálculo destes importes vén definido nos seguintes parágrafos:

O obradoiro terá un coste de 3 000 € (impostos incluídos), dos que 1 500 se imputarán ao ano 2026 e outros 1 500 € imputaranse ao ano 2027. Ao final de cada cuadrimestre a entidade emitirá a correspondente factura.

O desenvolvemento da Aula de Teatro suporá un máximo de 2 700 € (impostos incluídos), dos que en principio 1 080 € imputaranse ao exercicio 2026 e 1 620 € ao ano 2027, prevendo que o 40% dos ensaios se realice este ano e o 60% teña lugar no segundo cuadrimestre. Estes importes poderán variar segundo se distribúan finalmente os ensaios, non podendo superar nunca os 2 700 € (45 ensaios) entre ambos exercicios. Ao final de cada cuadrimestre realizarase o pagamento dos ensaios que se tivesen realmente efectuado, nun único pago, unha vez finalizado o cuadrimestre e recibida a factura correspondente. A factura do segundo cuadrimestre incluírá nun concepto á parte o eventual pagamento de honorarios por desprazamentos a actuacións, que inicialmente se calcula nun máximo de 600 € (custe máximo por tres saídas). Esta cantidade poderá ser aumentada en caso necesario se a Área de Cultura conta con dispoñibilidade orzamentaria.

5. Presentación de solicitudes

As entidades interesadas deberán presentar unha solicitude conforme o ANEXO III, acompañada da seguinte documentación:

- Un *currículum vitae* da persoa que asumirá a impartición do obradoiro e a dirección da aula, que acredite os coñecementos, experiencia e formación docente na impartición, organización e dirección de aulas de teatro ou similares, conforme o modelo que figura como ANEXO IV.
- Un proxecto formativo para o obradoiro e outro da montaxe teatral coas persoas da Aula de Teatro, que deberá incluír necesariamente a descrición dos medios técnicos

necesarios, e cumprir os criterios de selección recollidos no punto 7, segundo figura no ANEXO IV.

6. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes e a documentación requirida, dirixidas a Área de Cultura da UDC, poderán presentarse no Rexistro Electrónico da UDC (ante o Servizo de Extensión Universitaria), en calquera oficina de rexistro da Universidade, ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte á data de publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC e rematará ás 14:00 horas do día 24 de xullo de 2026.

7. Procedemento de adxudicación

Constituirase unha comisión de selección formada pola vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte ou persoa en quen delegue; a persoa adxunta de Cultura ou persoa en quen delegue; e unha persoa técnica da Área de Cultura da UDC.

Esta comisión de selección, nunha única fase, valorará a documentación presentada polas entidades solicitantes, tendo en conta os seguintes criterios de valoración para cada unha das actividades (obradoiro de teatro e Aula de Teatro):

- a) Criterios substantivos
 - **Obxectivos de calidade do proxecto.** Ofertar cun nivel de detalle suficiente, a través dos obxectivos e contidos, un proxecto teatral de interese cultural, pedagóxico e artístico. Xustificar a idoneidade e interese da proposta, ademais de adecuala ao interese da comunidade universitaria e ao público xeral. Xustificar a viabilidade da proposta, así como os recursos que se precisan para desenvolvela e adecuación da convocatoria.
 - **Público.** Fomentar a participación dos públicos, tanto da comunidade universitaria como do público xeral, como se corresponde coa función da extensión universitaria e a necesaria interacción coa sociedade.
- b) Criterios operativos
 - **Planificación.** Que o proxecto sexa estruturado, planificado e dimensionado de xeito realista, axustando a temporalidade e os recursos que se vaian empregar ao marco das condicións e dos prazos previstos nesta convocatoria.
 - **Estratexia e plan de comunicación.** Facilitar os medios, recursos e mecanismos necesarios para comunicar o proxecto en colaboración coa UDC.
 - **Experiencia.** Valorarase a experiencia previa tanto formativa como docente.
- c) Criterios de impacto
 - **Impacto cualitativo e cuantitativo.** Que o proxecto teña capacidade de innovación e defina claramente o tipo de público obxectivo que se pretende no deseño da actividade.

Criterios	Subcriterios	Peso específico
1.º criterios substantivos (máx. 50 puntos)	Obxectivos e calidade do proxecto	40
	Público	10
2.º criterios operativos (máx. 40 puntos)	Planificación	15
	Estratexia e plan de comunicación	10
	Experiencia docente	15
3.º criterios de impacto (máx. 10 puntos)	Impacto cualitativo e cuantitativo	10

A puntuación mínima esixida para a valoración como seleccionable do proxecto presentado será de 60 puntos en cada actividade.

No caso de empate entre proxectos na segunda fase, terase en conta a puntuación máis alta nos criterios substantivos. De persistir o empate, decidirse en función da valoración do tribunal no referente aos criterios operativos.

8. Adxudicación

A resolución desta convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica no prazo máximo dun mes desde o peche do prazo de admisión de solicitudes. A entidade adxudicataria recibirá unha comunicación por correo electrónico. Contra esta resolución poderá interpoñerse un recurso de reposición no prazo dun mes ou, alternativamente, un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ambos os prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A entidade seleccionada deberá aceptar formalmente a adxudicación no prazo que indique na resolución. De non facelo, a VDCD poderá adxudicar a axuda a outra entidade solicitante ou deixala deserta.

Ademais, en cumprimento do RD 171/2004 de Coordinación de actividades empresariais, a entidade que resulte adxudicataria deberá entregar coa aceptación da adxudicación, a declaración responsable de cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais. Do mesmo modo, a Universidade da Coruña para dar cumprimento ás súas obrigas coma titular da instalación, achega información á empresa adxudicataria, que deberá asinar a súa recepción (ANEXO CAE-RISCOS LABORAIS).

Unha vez resolta a convocatoria, comezará o proceso de planificación, definición das probas e a selección das persoas que compoñerán a Aula de Teatro.

9. Información e contacto

Para os efectos de información e consultas, as persoas interesadas poden dirixirse por correo electrónico a cultura.coruna@udc.gal

Asinado dixitalmente pola vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte.

ANEXO I.- CONDICIÓN DE IMPARTICIÓN OBRADOIRO DE TEATRO

1. Obradoiro de continuidade, impartido en dous cuatrimestres.

O obradoiro de teatro terá unha duración de 30 horas de docencia en cada cuatrimestre (cun recoñecemento de créditos correspondente co disposto na resolución reitoral vixente) e deberá impartirse en modo presencial. A xeito orientador, as datas previstas para a impartición irán do 21 de setembro ao 18 de decembro de 2026 no primeiro cuatrimestre, e do 15 de febreiro ao 14 de maio de 2027 no segundo cuatrimestre.

2. Persoas destinatarias

Os obradoiros estarán abertos á comunidade universitaria e, en xeral, a calquera persoa interesada en ampliar os seus coñecementos e actualizar ou adquirir novas habilidades.

3. Lugar de realización

O obradoiro impartirase na NORMAL - Espazo de Intervención Cultural (A Coruña). Tanto para a asignación do lugar de realización como de días/horarios de realización, teranse en conta as necesidades de infraestrutura e o calendario de exames da UDC.

4. Outras condicións

- A realización do obradoiro estará condicionada á inscrición como mínimo de 7 persoas. Como máximo poderán inscribirse 25 persoas.
- A Área de Cultura da UDC encargarse da inscrición do alumnado nos obradoiros, así como da xestión administrativa dos seus expedientes.
- A entidade e a persoa responsable da impartición deberá reunirse coas persoas responsables da Área de Cultura tras a adxudicación para fixar os detalles do programa e dos compromisos adquiridos.
- Durante a realización do obradoiro, a entidade e a persoa responsable da impartición deberá estar en contacto co persoal técnico da Área de Cultura para coordinar horarios e actividades, que se fixarán para impartir o obradoiro acorde coa proposta seleccionada e non deberán mudarse ao longo da súa impartición, agás notificación e autorización da Área de Cultura, ademais de adquirir o seu compromiso de informar da asistencia e realizar os axustes eventuais que resulten necesarios e adecuarse aos espazos da Área de Cultura.
- A Área de Cultura facilitará os medios técnicos necesarios sempre que se indicase previamente na solicitude da proposta e estean dispoñibles na dita área.

- Por criterios de sustentabilidade ambiental, recoméndase ás persoas docentes que os materiais sexan principalmente dixitais e que deben utilizar preferentemente as plataformas tecnolóxicas que ofrece a UDC e software libre.
- A UDC non cubrirá os gastos de materiais en que incorra a realización do obradoiro, agás que previamente se solicite na proposta presentada e se obteña unha autorización expresa da Área de Cultura.
- A asistencia do alumnado ao obradoiro deberá rexistrarse en “UDC Xest” para a posterior concesión de créditos (explicarase o uso da plataforma con anterioridade ao comezo do obradoiro).
- A docencia semanal do obradoiro non poderá ser superior a cinco horas e a diaria a dúas horas e media.
- A Área de Cultura encargarse da difusión e promoción do obradoiro para dar visibilidade as actividades desenvolvidas durante o curso.

ANEXO II.- CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO PROXECTO E A AULA DE TEATRO

- A Área de Cultura da UDC ocuparase da inscrición do alumnado na Aula de Teatro, así como da súa xestión administrativa e a súa realización estará condicionada á inscrición como mínimo de cinco persoas.
- Os ensaios da Aula de Teatro acadarán un máximo de 45 horas, que se farán nun horario acordado coa Área de Cultura e realizaranse no Espazo de Intervención Cultural NORMAL.
- A asistencia do alumnado deberá rexistrarse mediante a plataforma “UDC Xest” para favorecer a acreditación desta formación (explicarase o uso da plataforma con anterioridade ao comezo da aula).
- Durante a realización das aulas as entidades e as persoas responsables deberán estar en contacto co persoal técnico da Área de Cultura para coordinar horarios e actividades, que se fixarán para impartir a aula acorde ca proposta seleccionada e non deberán mudarse ao longo da súa impartición, agás notificación e autorización da Área de Cultura. Ademais de adquirir o seu compromiso de informar da asistencia e realizar os axustes eventuais que resulten necesarios e adecuarse aos espazos da Área de Cultura.
- A Área de Cultura facilitará os medios técnicos necesarios para os ensaios da Aula de Teatro sempre que se indicase previamente na proposta e no proxecto teatral, e estean dispoñibles na dita área.
- A UDC non cubrirá os gastos de materiais en que incorra a persoa directora, agás que previamente o solicite e se lle autorice expresamente pola Área de Cultura.
- A Área de Cultura encargarse da difusión e promoción da Aula de Teatro, así como das actividades desenvolvidas durante o curso.
- As actuacións e a participación da Aula de Teatro nos festivais universitarios determinarase desde a Área de Cultura.

ANEXO III. SOLICITUDE

I. DATOS DO OBXECTO DA CONVOCATORIA	
Nome da convocatoria : CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS PARA A IMPARTICIÓN DUN OBRADOIRO DE TEATRO E PARA A ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DUN PROXECTO PARA A AULA DE TEATRO DA UDC NO CURSO 2026/2027	
Área asignada á convocatoria: ÁREA DE CULTURA - VICERREITORÍA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE	
Centro de realización: NORMAL- Espazo de Intervención Cultural (A Coruña)	

II. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE		
Razón social:		CIF:
Datos da persoa representante.		
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
DNI / NIE/ pasaporte:	Teléfono:	Correo electrónico:
Enderezo:		
Municipio:	Código postal:	Provincia:

III. DATOS ACADÉMICOS		
Título	Centro de expedición	Data de expedición

(Engada cantas liñas sexan necesarias)

IV. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
<input type="checkbox"/> Currículo	<input type="checkbox"/> Proxecto coa proposta formativa
<input type="checkbox"/> Outros: _____	

A entidade solicitante _____ solicita ser admitida na convocatoria de axudas para a IMPARTICIÓN DUN OBRADOIRO DE TEATRO E PARA A ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DUN PROXECTO PARA A AULA DE TEATRO DA UDC NO CURSO 2026/2027, declara que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude e no currículo, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria.

_____, a _____ de _____ de 2026
(sinatura)

SRA. VICERREITORA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa solicitante facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono: 981 167 000, correo electrónico: secretaria.xeral@udc.gal

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na [Sede Electrónica da UDC](#) no apartado "Outros trámites";
- Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ANEXO IV. CURRÍCULO E PROPOSTA FORMATIVA

CURRÍCULO DA PERSOA QUE IMPARTIRÁ O OBRADOIRO/AULA E PROPOSTAS		
I. DATOS PERSOAIS		
DNI / NIE/ pasaporte:	Nacionalidade:	
Apelidos e nome:		
Enderezo:		
Localidade:	Provincia:	C.P.:
Teléfonos:	Correo electrónico:	

A persoa que asina a continuación responsabilízase da veracidade dos datos que constan neste currículo e da documentación que se achega, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puideren derivarse da súa inexactitude.

....., de de

(sinatura)

II. CURRÍCULO (MÉRITOS PARA DESTACAR DA PERSOA QUE IMPARTIRÁ O OBRADOIRO/AULA)

--

III. PROPOSTA FORMATIVA DO OBRADOIRO

CRITERIOS SUBSTANTIVOS	50 PUNTOS
Obxectivos de calidade do proxecto:	40
Público:	10
CRITERIOS OPERATIVOS	40 PUNTOS
Planificación:	15
Estratexia e plan de comunicación:	10

Experiencia docente	15
CRITERIOS DE IMPACTO	10 PUNTOS
Impacto cualitativo e cuantitativo:	
IV. PROPOSTA FORMATIVA DA AULA	
CRITERIOS SUBSTANTIVOS	50 PUNTOS
Obxectivos de calidade do proxecto:	40
Público:	10
CRITERIOS OPERATIVOS	40 PUNTOS
Planificación:	15
Estratexia e plan de comunicación:	10

Experiencia docente	15
CRITERIOS DE IMPACTO	10 PUNTOS
Impacto cualitativo e cuantitativo:	

ANEXO V. DOCUMENTACIÓN

I. RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE SE ACHEGARÁN DE RESULTAR ADXUDICATARIA
(É imprescindible numeralos e presentalos nesta mesma orde. En cada un dos méritos que se alegan no currículo e deberá indicarse o n.º do documento ou documentos que acredita/xustifica tal mérito)
1
2
3
4
5
6
7
8
9
10

(Engada cantas liñas sexan necesarias)

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa solicitante facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono: 981 167 000, correo electrónico: secretaria.xeral@udc.gal

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na [Sede Electrónica da UDC](#) no apartado "Outros trámites";
- Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).